



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
 Ordenación Universitaria

Edif. Adm. San Caetano s/n
 15781
 Santiago de Compostela

Correo: xsoie@edu.xunta.es

XORNADAS “O ENSINO CLIL, SECCIÓNS BILINGÜES”

No próximo mes de outubro, os días 5 e 6, terán lugar no Palacio de Congresos de Santiago de Compostela as Xornadas **O ensino CLIL, seccións bilingües**, organizadas polos servizos centrais da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e dirixidas ao

profesorado de educación primaria, secundaria e formación profesional específica participante no plan experimental de seccións bilingües da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como a todo o profesorado interesado en desenvolver proxectos

relacionados co plurilingüismo nos seus centros. O prazo de inscrición está aberto ata o 21 de setembro e o límite de prazas é 400 docentes. O profesorado interesado pode inscribirse buscando por linguas estranxeiras en

<http://www.edu.xunta.es/>

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE CENTROS CUALE

Relación provisoria de centros autorizados para participar no programa de cursos para a formación complementaria en linguas estranxeiras, segundo a

Orde do 1 de xuño de 2007 pola que se establece o programa de cursos para a formación complementaria da aprendizaxe de linguas estranxeiras, CUALE, nos

institutos de educación secundaria e centros integrados de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

[Acceso.](#)

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE ANTICIPACIÓN DA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA EN EDUCACIÓN INFANTIL

Relación provisoria de centros autorizados para participar no Plan de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo de educación

infantil, segundo a Orde do 30 de abril de 2007 pola que se convoca a realización de proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no

segundo ciclo de educación infantil.


[Acceso](#)

O PROCESO DE ADAPTACIÓN. E TI...VAS Á ESCOLA?

O Proceso de Adaptación. E Ti...Vas á Escola? é unha publicación conxunta da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Trátase dun documento informativo sobre o período de adaptación na educación infantil que invita á

reflexión e pretende ser de axuda tanto ao profesorado como ás familias na experiencia complexa da entrada das criaturas na **escola**. Os centros educativos recibirán axiña un exemplar da publicación, pero esta tamén se pode atopar no Portal da Consellería.

[Acceso.](#)



Contido:

Centros seleccionados para a realización de proxectos TIC	2
Convocatorias de premios	2
Lista provisional de centros PROA	2
Profesorado de relixión	2
Catálogo de recursos educativos	2
Complemento específico por función tirorial	2
Implantación das ensinanzas deportivas	3
Catálogo de recursos educativos	3
CELGA: Certificado de Lingua Galega	3
Programa de axudas e becas en zonas mineiras do carbón.	3

Portal Galego de Contidos Educativos
<http://www.edu.xunta.es/contidos>



Plan Galego de Convivencia
<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



Polo Monte. Plan piloto 2007
<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



Rede de Centros Bilingües
http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas



CENTROS SELECCIONADOS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS TIC

Relación de centros tecnoloxías da información e da comunicación á realización de proxectos de educación para a innovación educativa para a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación á educación para o curso 2007-2008. [Acceso ao DOG.](#)

CONVOCATORIAS DE PREMIOS

O vindeiro día 15 de setembro remata o prazo de presentación aos premios:

- Innovación educativa. [Acceso á orde.](#)
- Innovación educativa sobre a educación en valores

democráticos. [Acceso á orde.](#)

- Recursos educativos para a sociedade da información. [Acceso á orde](#)

O próximo 28 de setembro remata o prazo da XXIX edición dos *Premios Francisco Giner de los Ríos a la Mejora de la Calidad Educativa.* [Máis información](#)

LISTAXE PROVISIONAL DE CENTROS PROA

No portal educativo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pódese consultar a resolución provisional de centros seleccionados para integrar a Rede de Centros PROA para o curso 2007-2008.

Centros PROA [acompañamento primaria.](#)

Centros PROA [acompañamento secundaria.](#)

Centros PROA [apoio secundaria.](#)



PROFESORADO DE RELIXIÓN

No DOG nº 143 do martes 24 de xullo saíu publicada a Orde de 17 de xullo de 2007 pola que se regula a

relación laboral do profesorado de relixión e se dictan instrucións relativas á provisión de postos.

[Acceso á orde.](#)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO POR FUNCIÓN TITORIAL

No DOG nº 143 do martes 24 de xullo saíu publicada a Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción do compoñente

singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.

[Acceso á orde.](#)

Portal Galego de Contidos Educativos

<http://www.edu.xunta.es/contidos>



IMPLANTACIÓN DAS ENSINANZAS DEPORTIVAS

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria implanta para o curso 07/08 as ensinanzas técnico-deportivas nas modalidades de fútbol, fútbol sala, baloncesto, balonmán e atletismo en

centros públicos da nosa comunidade. Convócanse as probas de acceso ás ensinanzas deportivas de grao medio e superior. As probas celebraranse entre o 17 e o 24 de setembro,

dependendo da especialidade.

[Acceso á Orde do 6 de xullo de 2007.](#)

[Acceso á convocatoria das probas.](#)

Plan Galego de Convivencia

<http://www.edu.xunta.es/convivencia>



CATÁLOGO DE RECURSOS EDUCATIVOS

A Dirección Xeral de Cooperación Exterior elaborou un catálogo de recursos educativos co material das diferentes ONGD que pon a disposición de todo o profesorado como unha ferramenta máis de axuda no seu labor docente. Os proxectos están organizados en diferentes

áreas temáticas como: educación en valores, medio ambiente, infancia, etc. con actividades para desenvolver unha conciencia crítica e solidaria e recursos didácticos para complementar a materia de Educación para a Cidadanía.

[Máis información.](#)



Polo Monte. Plan piloto 2007

<http://www.edu.xunta.es/polomonte>



O MONTE E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



CELGA

CELGA é o acrónimo de Certificado de Lingua Galega. Trátase do novo sistema de certificación de

coñecemento da lingua galega adaptado ao Marco Europeo Común de

Referencia para as Linguas (MECRL).

[Máis información.](#)

PROGRAMA DE AXUDAS E BOLSAS EN ZONAS MINEIRAS DO CARBÓN

Convocatoria 2007-2008 de bolsas AB do "PROGRAMA DE AYUDAS Y BECAS EN ZONAS MINERAS DEL CARBÓN". Este programa pretende apoiar o desenvolvemento

e económico e social das zonas mineiras afectadas polo declive industrial. O seu obxectivo é axudar á formación de estudantes novos e traballadores. Para máis información

consultar en

www.fundesfor.com

Rede de Centros Bilingües

http://www.edu.xunta.es/contidos/rede_linguas

